



Museo do Pobo Galego



Instituto de estudos das identidades

41a [4] [5] [3] [1]

♩ = 84

Vilares, Piquín, Ribeira de Piquín. Decembro 1979.

1) Car-mi-ñá do meu a-gra-do bo-ni-tá ca-í-a de  
 di-se-me que-res a-xi-ñá non se-as-tan-re-ce

variantes estróficas:

1) 2) 3) 4) 5) 6) 7)  
 8) 9) 10) 11) 12) 13) 14)

A Fonsagrada I,2,288. Florencio 65.

L: 69a.

\*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



V 69a

“Carmiña do meu agrado,  
bonita cara de rosa,  
di se me queres axiña  
non seas tan recelosa.”

“Muito ben falas, Manolo,  
mismo me deixas pasmada,  
pero como es tan pillo  
eu non che podó crer nada.”

“Pois pódésmo crer, Carmiña,  
que che teño tal cariño,  
que me morrerei de pena  
si non me caso contigo.”

“Pois logo meu Manoliño,  
se o permite San Antonio  
casarémonos axiña  
pra gozar do matrimonio.”

“San Antonio permitiuno  
que ben ve a necesidá  
que tanto tu como eu  
muito que facer nos dá.”

“O meu galigo (?) ás veces  
mesmo me fai rabexar  
pero eu hasta que me case  
non o quería estrenar.”

“Pois o mesmo fago eu:  
Qué boa opinión che temos!  
Eu tampouco non a estreno  
hasta o día que nos casemos.”

Tuveron unha grande voda  
na casa da Carmeliña  
i os dous casados de novo  
xa se deitaron con día.

O empezala tarea  
Carmeliña dixo así:  
“Gracias a Dios Manoliño,  
que entrou o rei en Madrid.”

“Pois que sexa benvenido  
que me parece xeitoso,  
queira Dios que nunca case  
nin se faga receloso.”